



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

UNIDADE:SERVIZOS SOCIAIS

EXPEDIENTE: 2025/S002/000002

Estimado usuario/a

Mediante este escrito informamos de situación actual do Servizo de Axuda no fogar:

Como xa se informou con anterioridade, o servizo de axuda no fogar está externalizado, e, tralo proceso de contratación conforme a Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, de 8 de novembro), resultou adxudicataria a empresa OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L. Con data 28 de novembro de 2025 asinouse o contrato administrativo do "Servizo de Axuda no fogar" con efectos do 1 de decembro 2025.

A partires do inicio do contrato pola nova empresa adxudicataria, a situación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Miño é de inestabilidade absoluta. Unha porcentaxe moi elevada do persoal auxiliar está de baixa médica, en algúns casos dende o inicio do contrato coa entidade xestora, situación que se mantén na actualidade e que provocou que quedaran moitos servizos sen cubrir, servizos que se foron en parte restablecendo con cambios de cuadrantes, horarios, auxiliares e incluso a redución de horas concedidas e efectivamente prestadas, todo isto sen a autorización da técnica de servizos sociais do Concello, quedando, incluso en numerosos casos, usuarios sen atender durante días.

Inevitablemente, foron e son moitas as queixas presentadas polos usuarios, tanto de palabra coma por escrito, acudindo incluso ás oficinas municipais, onde expoñen os servizos que non se fan, chamadas sen resposta por parte da coordinación da entidade xestora, cambios que se van a producir e que finalmente non se levan a cabo, comunicación de redución das horas concedidas, etc. En definitiva, un desconcerto e incerteza para todas estas familias, que ata hai ben pouco tempo recibían un servizo cando menos digno e axeitado.

Este Concello lamenta a situación e é consciente que está a desbordar ás persoas usuarias e aos seus familiares que non teñen un servizo de calidade conforme ás súas necesidades.

Á vista do anterior, e dada a imposibilidade de reconducir a prestación, o Concello tomou medidas urxentes destinadas a restablecer o servizo de axuda no fogar en termos de eficiencia e normalidade.

Atendendo a circunstancia de que este Concello é unha Administración Pública, e que para resolver o contrato é preciso realizar trámites administrativos de obrigado cumprimento, iniciouse por resolución de alcaldía con data de 22 de decembro de 2025



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

UNIDADE:SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2025/S002/000002

o inicio do procedemento de imposición de penalidades motivado polo incumprimento parcial ou defectuoso da prestación obxecto do contrato de Axuda no Fogar, co prazo preceptivo de 10 días para alegacións.

Dentro de dito prazo, a empresa adxudicataria presentou alegacións o día 8 de xaneiro de 2026 e analizadas estas polos servizos correspondentes do Concello, elevouse proposta de desestimación á Comisión Informativa de Asuntos Xerais convocada de forma urxente para o día 20 de xaneiro de 2026, proposta que foi informada favorablemente por todos os asistentes. Posteriormente, no mesmo día en sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local adoptouse por unanimidade o seguinte acordo: "Desestimar as alegacións presentadas pola empresa Os Ventos Innovación en Servizos S.L. e incoar expediente de resolución de contrato de servizo de axuda no fogar", feito que foi notificado á empresa con data 21 de xaneiro de 2026, co prazo preceptivo de 10 días para alegacións.

Finalizado o prazo, sen presentar alegacións por parte da empresa adxudicataria, iníciase novo expediente de tramitación por vía de urxencia. Na Xunta de Goberno Local celebrada o día 5 de febreiro de 2026, acórdase por unanimidade, previo ditame tamén unánime da Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o mesmo día:

- A **resolución definitiva** do contrato coa empresa Os Ventos Innovación en Servizos S.L.
- O procedemento de **novo expediente de licitación por tramitación urxente** do "Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Miño", publicado no Diario Oficial da Unión Europea con data de 11 de febreiro de 2026, para así poder seguir coa tramitación do expediente, e adxudicar o servizo a unha nova empresa que poida prestar o servizo de xeito eficiente, adecuando a prestación ás necesidades das persoas dependentes.

Rematado xa o prazo para a presentación de ofertas, se constata que das cinco presentadas, tres delas teñen que completar a documentación, para o que dispoñen dun período de tres días. A continuación, os servizos técnicos do Concello procederán ao análise das propostas técnicas e ao remate do seu estudo, abranse as propostas económicas, para proceder á nova adxudicación.

E, o que se comunica para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Miño, na data a marxe.

Yolanda Bello Pérez

*Concelleira de Servizos Sociais, Deporte,
Turismo, Promoción Económica e Xuventude.*